

CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 9 - 2024



Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 9 – 2024

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

APROXIMACIÓN ÁS ACTITUDES E OPINIÓNS LINGÜÍSTICAS DO ESTUDANTADO REDONDELÁN

*An approach to the linguistic attitudes and opinions
of students from Redondela*

Miguel Rancaño Míguez

Universidade de Vigo
miguelranchinho@gmail.com

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v9.24.2>

Resumo: Este estudo examina actitudes e opinións lingüísticas do estudantado de 3º da ESO e 1º de Bacharelato do IES Mendiño de Redondela. Así, elaboramos unha enquisa cuantitativa na que exploramos elementos como a transmisión xeracional, os prexuízos lingüísticos ou os cambios de código. Concluimos que o grupo-mostra se atopa profundamente castelanizado e a transmisión xeracional da lingua foi devastadora para o galego, relegado a segunda lingua de uso ocasional. Con todo, comprobamos que o grupo está exento de prexuízos explícitos para o galego e que a actitude xeral é de respecto e pretensión de mellorar a situación da lingua, se ben para este estudantado a escollo do idioma é una decisión de tipo individual baseada máis na súa liberdade ca na influencia de factores externos. Concluimos, ademais, que a lingua perde o seu factor simbólico en beneficio do elemento pragmático e non constitúa un elemento definitorio relevante da identidade galega.

Palabras clave: actitudes e opinións lingüísticas, mocidade, sociolingüística, lingua galega.

Abstract: This study aims to examine linguistic attitudes and opinions held by 3rd year of ESO and 1st year of Bacharelato students from the IES Mendiño in Redondela. To this end, we conducted a quantitative survey in which we explored elements such as intergenerational language transmission, linguistic prejudices, or code switching. We concluded that the group -sample was deeply castilianized and the intergenerational language transmission was deeply detrimental to Galician, consigned to be a second language rarely used. Nevertheless, the group does not mainly hold explicit prejudices against Galician and the general attitude tends to respect as well as aiming for improving the language situation. However, students seem to acknowledge code selection as an individual decision based more upon freedom rather than being influenced by external elements. We also concluded that language loses its symbolic element for the benefit of the pragmatic function and does not constitute a relevant defining element of Galician identity.

Keywords: linguistic attitudes and opinions, youth, sociolinguistics, Galician.

CUMIEIRA. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 9, 2024, pp. 41-75, ISBN: 978-84-1188-031-2

1. Introducción¹

O tema que vertebra este traballo é a análise das actitudes e opinións lingüísticas de parte do alumnado do centro de carácter público IES Mendiño de Redondela co fin de podermos coñecer a visión que ten este sector da mocidade sobre a lingua galega.

O futuro do galego reside no futuro da sociedade e a mocidade urbana. Malia a súa relevancia en termos demográficos, tendeu a estar tradicionalmente ignorada nos estudos de corte lingüístico ó diferir do prototipo de falante NORM. Con todo, contamos con algúns traballos fundamentais no eido da sociolingüística galega que parten dende a perspectiva da mocidade, en especial a obra *O galego segundo a mocidade*, elaborada en 2003 polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (SSRAG 2003). Malia datar este traballo de hai xa dúas décadas, segue a manterse como unha obra de referencia esencial e terá un gran peso no noso traballo pois, ó igual que fixeron os investigadores deste estudo, nós tamén pretendemos achegarnos á visión que ten a mocidade galega do seu idioma, aínda que de forma moito menos ambiciosa. Xa que logo, partimos da hipótese de que a visión que ten a mocidade galega do seu idioma non mudou apenas dende o ano 2003 (ou aínda empeorou ou mellorou relativamente). O obxectivo é comprobarmos en que medida isto é así ou canto cambiou. Para iso analizaremos as actitudes e opinións lingüísticas de catro grupos de estudantes do IES Mendiño de Redondela, dous deles de 3º curso da ESO e os outros dous restantes de 1º de Bacharelato.

Co gallo de dar resposta ás hipóteses presentadas, realizamos unha enquisa na que se ten en conta, a variable *idade*, pero tamén outros factores como a procedencia ou o xénero e que dividimos en dúas seccións principais: a primeira parte pretende analizar as escollas lingüísticas dos estudantes atendendo a distintos ítems de interese, como a transmisión interxeracional ou a lingua de socialización en distintas situacións, mentres que a segunda céntrase nas actitudes do alumnado cara ó galego. Deste xeito, procuraremos identificar a existencia ou ausencia de prexuízos lingüísticos e mais pescudar a visión que ten a mocidade redondelá sobre o idioma dende distintos puntos de vista. Neste sentido, a mostra escollida resulta altamente interesante pois, de acordo co Currículo da LOMLOE, ambos os grupos de estudantes deberon traballar na materia de Lingua galega e literatura algúns contidos de sociolingüística (como son os prexuízos lingüísticos ou os dereitos dos falantes) que se exploran neste traballo.

¹ Este artigo nace da preocupación do autor ante a perda do galego entre a mocidade da vila de Redondela, pioneira na normalización lingüística. Debe lerse, pois, como unha chamada de atención. En palabras de Manuel María, «renunciar ao idioma é ser mudo e morrer».

Así e todo, é preciso termos en conta o reducido tamaño da mostra, que nos leva a valorar con cautela os resultados que obtivemos da nosa análise, que en última instancia pretende amosar unhas tendencias e ser unha aproximación ó panorama lingüístico da mocidade do concello.

2. Marco teórico

O noso estudo, de corte principalmente cuantitativo, encádrase dentro do eido da sociolingüística e, concretamente, en relación coas actitudes e prexuízos dos falantes. Xa que logo, cómpre introducírmonos brevemente nos conceptos teóricos de relevancia para a nosa investigación co fin de encadrar e facilitarlle ó lector deste traballo a comprensión das análises posteriores.

O profesor Costas González define o termo *actitude* como aquela «predisposición a avaliar favorablemente ou desfavorablemente un obxecto, persoa ou situación (unha lingua, no caso das actitudes lingüísticas) e a actuar de acordo con esa avaliación» (2009: 9). Pola súa banda, a obra *Actitudes lingüísticas en Galicia*, redactada en 1996 dentro do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (SSRAG 1996), sobre a que volveremos ó longo do noso traballo, enmarca o estudo das actitudes humanas como unha disciplina provinte da psicoloxía social mais explorada dende diversas ópticas académicas e defíneas como os «estados mentais e neurolóxicos, non observables directamente, que activan a avaliación dun obxecto, no noso caso lingüístico, e estimulan a actuación cara ó mesmo» (SSRAG 1996: 52). Estas actitudes estarían conformadas por tres compoñentes principais e independentes: a cognitiva (relacionada coa percepción e a información que o individuo posúe sobre a lingua), a afectiva (influenciada pola compoñente anterior e simultaneamente modeladora da mesma, que se liga ós sentimentos, emocións ou afectos que esperta a lingua no individuo) e a condutual (referida ás tendencias, disposicións, intencións e accións concretas dirixidas cara á lingua). Cómpre salientarmos a primeira compoñente, pois a percepción dun individuo pode estar alterada ou subxectivada de certa forma que derive na aparición dun concepto esencial para os estudos sociolingüísticos, os prexuízos.

De acordo coa obra *Actitudes lingüísticas en Galicia*, os prexuízos parten «dunha compoñente cognitiva desvirtuada e unha compoñente afectiva caracterizada por unha forte carga emocional» (SSRAG 1996: 55). Pola súa banda, Costas concibe os prexuízos como erros non necesariamente deliberados na categorización da realidade que se orixinan en situacións de desigualdade (lingüística) coa tentativa de

manter a supremacía do grupo privilexiado e fortalecer o predominio sobre o grupo en inferioridade e que se alimentan da tradición e dos devires históricos (Costas González 2009: 9). Xa que logo, o concepto de *prexuízo* mantén unha próxima relación co de *actitude*, pois poderíamos entender o primeiro como aquela propiedade ou conxunto de propiedades que se recoñecen nun individuo e que se aplican sobre un colectivo ou, inversamente, as propiedades atribuídas a un colectivo que se aplican sobre un individuo particular que participa nel. Deste xeito, os prexuízos presentan un factor homoxeneizador no propio grupo afectado e, asemade, tenden a incrementar a distancia entre o grupo sobre os que se aplican e o resto por medio dun «proceso de esaxeración e polarización» (SSRAG 1996: 55). De acordo con Moreno Cabrera (2007), os prexuízos lingüísticos atópanse amplamente presentes no conxunto da sociedade xa que os seus membros están familiarizados coas linguas dunha ou outra maneira e esta situación dá pé ó agromar de prexuízos carentes de reflexión que se sustentan na subxectividade e nas opinións delusorias emanadas dende diversas direccións. En definitiva, as actitudes parten dunha dinámica social, é dicir, dunha serie de factores como a *norma social subxectiva*, que os individuos perciben e automatizan para dar lugar a un hábito en función dos beneficios ou prexuízos que a lingua provoca sobre eles (SSRAG 1996:54).

3. Metodoloxía

Co fin de realizar este estudo s actitudes e crenzas lingüísticas do alumnado de 3º da ESO e 1º de Bacharelato do IES Mendiño de Redondela, elaboramos unha enquisa de corte cuantitativo que anexionamos no Apéndice deste traballo. A enquisa consistiu en 61 preguntas de distinto tipo, que dividimos en tres partes:

- PARTE 0: *Datos de control*. Consta de 4 preguntas sobre o sexo dos estudantes, idade, lugar de procedencia e lugar de residencia; serviron de parámetros de control.
- PARTE 1. *Perfil do estudantado*. As 29 preguntas seguintes teñen que ver co contexto lingüístico do alumnado, de maneira que inquirimos a respecto da/s lingua/s faladas no ámbito familiar, social e escolar.
- PARTE 2. *Opinións lingüísticas*. As 28 preguntas finais relaciónanse coas crenzas e opinións persoais de cada un dos enquisados a respecto da lingua galega como idioma vehicular en distintos contextos, e a respecto de características subxectivas que o alumnado lle poida atribuír. Tamén nos serviron como ferramenta para a análise da presenza/ausencia de distintos prexuízos lingüísticos.

A enquisa foi realizada con catro grupos, dous de 3º da ESO e dous de 1º de Bacharelato, escollidos pola viabilidade de poder realizala durante o período de prácticas de forma presencial (deste xeito asegurabámonos que as preguntas fosen respondidas sen incidencias e que se resolvesen as dúbidas que houbera) e atendendo á idoneidade da enquisa en función da madurez do grupo (o cal derivou en desbotar o grupo de 1º da ESO co que tamén tivemos contacto durante o período de prácticas). En total obtivemos 70 enquisados, mais cómpre salientar que non todas as cuestións foron debidamente respondidas principalmente por motivos persoais do propio alumnado.

4. Análise dos resultados


Na nosa análise centrarémonos nas preguntas da sección *Perfil do estudantado* e, deseguido, afondaremos na outra sección catalogada como *Opinións lingüísticas*. Os datos tirados destas seccións vincúlanse directamente cos parámetros expostos nos *Datos de control*.

4.1. Perfil do estudantado

4.1.1. Preguntas 1 a 14: transmisión xeracional

Comezamos a nosa análise centrándonos na primeira parte da enquisa, a **transmisión xeracional** (preguntas 1 a 14 do *Perfil do estudantado*). Neste apartado inquirimos a respecto da lingua empregada polos membros da primeira e segunda xeracións anteriores ó alumnado tanto entre si coma cos membros das xeracións anteriores e posteriores (isto é, tanto a lingua empregada polos avós da rama 1 ou paterna entre si como a que os mesmos empregan co alumno e viceversa).

Deste xeito, comprobamos que, na mostra total, a lingua empregada polos avós é o galego no 61,8% dos casos, mentres que o castelán suma ata o 21.3%; e, pola súa banda, as opcións de ambas ou outra/s tan só contan cun 11% e un 5,9% respectivamente. Pola contra, a lingua na que esta xeración educou ós pais/nais dos estudantes troca. Nas Gráficas 1 e 2 mostramos as porcentaxes de mantemento de lingua (galego-galego, castelán-castelán, ambas-ambas, outra(s)-outra(s)) e mudanza (galego-ambas, galego-castelán, castelán-ambas, castelán-galego, ambas-galego, ambas-castelán, outra(s)-galego, outra(s)-castelán) dividindo os datos segundo rama 1/paterna e rama 2/materna.



Gráficas 1 e 2: Lingua transmitida de avós a pais e nais, rama 1 e rama 2, respectivamente.

Nestas gráficas podemos apreciar como a situación máis común é, tanto na rama paterna como na materna, avós galegofalantes que educan os seus fillos e fillas na mesma lingua (77 casos), co castelán como lingua transmitida de forma mantida en segundo lugar, mais con boa marxe respecto do galego (27 casos).

Cun nivel de frecuencia máis próximo, o terceiro caso máis común é o emprego de ambas as linguas por pais que se comunicaban nos dous idiomas (11 casos), situación

máis habitual no caso da rama materna. De feito, é nesta rama na que atopamos o abandono total do galego de forma máis frecuente, tanto por pais monolingües en galego como bilingües (6 casos na rama 2 fronte a só 2 na rama 2).

Malia seren porcentaxes bastante pequenas, non podemos deixar de reproducir o indicado por Casares *et al.* (2003: 54), ó facer referencia ós resultados do Mapa Sociolingüístico de Galicia: «Este tipo de actitude [pouco aptas para o éxito social] é máis accesible e claramente máis negativa cando a voz é dunha muller, e sobre todo cando se expresa con acento galego». Podería ser esta asociación a que motive o maior abandono do galego como lingua normal para criar os fillos no caso das nais do alumnado ca no caso dos pais.

Unha vez temos os datos relativos á lingua na que os avós dos estudantes educaron os seus fillos e fillas, pasamos a comparalos cos relativos á **lingua na que os pais do alumnado se relacionan entre si**. Estes datos sérvennos para identificar casos de mudanza lingüística nos propios pais, pois, por exemplo, se os avós paternos educaron a un pai en galego e os avós maternos educaron a unha nai tamén en galego, mais os pais empregan o castelán para relacionarse entre eles, poderemos concluír que se produciu un caso de non coincidencia da lingua nai e da lingua habitual dun ou ambos os proxenitores.

Nas Táboas 1 e 2 agrupamos as opcións resultantes en dous grupos con varias opcións:

GRUPO A Coincidencia de linguas	Nº de alumnos/as
1. Casos en que os proxenitores foron educados en galego e empregan entre si o galego	(11)
2. Casos en que os proxenitores foron educados en galego e empregan entre si o castelán	(10)
3. Casos en que os proxenitores foron educados en galego e empregan entre si ambas linguas	(9)
4. Casos en que os proxenitores foron educados en castelán e empregan entre si o castelán	(7)
5. Casos en que os proxenitores foron educados en ambas as linguas e empregan entre si as dúas	(3)

Táboa 1: Características do GRUPO A

GRUPO B Non coincidencia de linguas	Nº de alumnos/as
1. Casos en que un proxenitor foi educado en galego e outro en castelán e entre si falan en castelán	(10)
2. Casos en que un proxenitor foi educado en galego e outro en castelán e entre si falan en ambas as linguas	(6)
3. Casos en que un proxenitor foi educado en ambas as linguas e outro en castelán e entre si falan en castelán	(2)
4. Casos en que un proxenitor foi educado en ambas as linguas e outro en galego e entre si falan en galego	(2)
5. Casos en que os dous proxenitores foron educados en ambas as linguas e entre si falan nas dúas	(3)
6. Casos en que un proxenitor foi educado en ambas as linguas e o outro en galego e entre eles falan castelán	(1)
7. Casos en que un proxenitor foi educado en ambas as linguas e o outro en castelán e entre eles falan ambas	(2)
8. Casos en que un ou os dous proxenitores teñen como lingua nai outra distinta d galego e do castelán e entre si falan esoutra lingua	(3)
9. Casos en que un ou os dous proxenitores teñen como lingua nai outra distinta do galego e do castelán e entre si falan castelán	(2)

Táboa 2: Características do GRUPO B.

Sen estendernos demasiado nestes datos, o primeiro que chama a nosa atención é a cantidade de proxenitores de estudantes que foron educados en galego pero que entre si empregan o castelán (10) ou ambas as linguas (9), denotando unha mudanza no idioma que empregan habitualmente nalgún punto da súa vida. Este fenómeno non se produce con aqueles proxenitores que foron educados en castelán, pois tan só empregan entre eles a súa lingua nai (7) e en ningún caso observamos que se producise unha mudanza de código en favor do galego.

Ademais, cando as linguas non coinciden e un dos proxenitores ten o galego como lingua nai mentres que o outro foi educado en castelán, en ningún caso empregan entre eles o galego, senón que utilizan ambas as linguas (6) e, en maior medida, o castelán (10).


Pola súa banda, cando ambos os proxenitores foron educados tanto en galego como en castelán tenden a empregar entre si as dúas (3), pero cando só é un deles o que foi educado en ambas e o outro proxenitor ten como lingua nai unha delas a situación varía: Se esta é o galego, temos dous casos de pais que empregan o galego e un caso no que empregan o castelán.

Pola contra, se esta é o castelán, contamos con dous casos nos que os proxenitores empregan ambas as linguas para relacionarse entre si e outros dous nos que empregan o castelán, mais xa non temos ningún exemplo no que empreguen a lingua diferencial (é dicir, a que un dos proxenitores non ten como lingua nai; neste caso, o galego), como si acontecía cando a lingua diferencial era o castelán.

Finalmente, tamén chama a nosa atención o feito de que, cando un dos pais foi educado en ambas as linguas pero o outro conta cun idioma diferente como lingua nai, temos un exemplo no que entre eles empregan só o castelán (non o galego nin tampouco a lingua distinta das cooficiais) e, no resto de casos, ou ben ambos teñen unha lingua diferente e emprégana para falaren entre si (1) ou ben un deles ten o castelán como lingua nai e utilizan entre eles esta (1) ou a lingua diferente (2).

En definitiva, estes datos permítennos recoñecer xa unha certa perda da transmisión interxeracional do galego no caso das dúas xeracións anteriores ó alumnado enquisado.

A continuación, centramos xa a nosa atención nos propios estudantes, observando a **lingua na que foron educados** (véxase a Gráfica 3):



Gráfica 3. Lingua na que foi educado o estudantado enquisado.

Así, só o 14,3% do estudantado foi educado en galego mentres que a opción maioritaria é ter o castelán como lingua inicial, cun 52,9%. En canto ó resto, un 31,4% de alumnado foi educado en ambas as linguas e temos tamén o caso dun estudante (1,4% en termos porcentuais) que ten como lingua nai unha distinta das cooficiais. Así e todo, do total de alumnado cuxos pais se relacionaban en galego ou en ambas linguas (o 47,1%), un 18,2% foi educado só en castelán (concretamente, dos 12 proxenitores que se relacionaban entre eles en galego, dúas parellas decidiron educar ós seus fillos en ambas as linguas e unha mudou por completo ó castelán). Deste xeito, tan só o 12,9% do alumnado foi educado en galego por pais que empregaban esta mesma lingua para relacionarse entre si, é dicir, que mantiveron con fidelidade a transmisión xeracional do galego. Ademais, tamén cómpre salientarmos os 7 casos de pais que entre eles empregaban o castelán mais que, probablemente por acción dun proxenitor que tería o galego como lingua nai ou ambos os idiomas, decidiron falar cos seus fillos en ambas as linguas, recuperando así o galego. Estes conforman o 14,3% do grupo de pais que se relacionan entre si en castelán e forman tamén ata o 7,1% do total. Finalmente, do lado contrario, dos 21 pais que se relacionaban entre si tanto en galego como en castelán, 5 decidiron educar os seus fillos unicamente en castelán, prescindindo así da nosa lingua. A tendencia, xa que logo, é desfavorecedora para o galego, cuxa perda de puntos no que a transmisión xeracional da lingua de proxenitores a alumnado se refire increméntase fronte ó castelán, que sae beneficiado.

Unha vez temos estes datos, pasamos a falar da **lingua que o alumnado emprega cos membros das xeracións anteriores**, é dicir, cos seus pais e avós. No caso da xeración inmediatamente anterior ós estudantes, estes coinciden na mesma lingua dos pais nun 81,4%, mentres que o outro 18,6% diríxese ós seus pais e nais nunha lingua diferente da que estes últimos empregan para falar co alumnado. De novo os datos volven ser prexudiciais para o galego, pois dos 9 pais que se dirixen en galego ós seus fillos, só 5 responden na mesma lingua e, dos 25 que empregan ambas, 5 contestan unicamente en castelán. Os únicos datos que aumentan son os referidos ó castelán pois, se só 34 proxenitores (un 48,6%) se dirixen ós seus fillos en castelán, 43 empregan esta lingua para falar cos seus pais (isto é, ata un 61,4%). Pola súa banda, os pais que se dirixen ó alumnado en linguas diferentes do castelán e galego obteñen unha resposta na mesma lingua (2 casos).

Pola contra, os datos parecen mudar cando se trata de respectaren as linguas usadas polos avós, pois os resultados coincidentes redúcense ata o 74,3% se incluimos neste grupo os resultados relativos ó emprego de ambas as linguas castelán e galego por ambas as partes. Deste xeito, se analizamos máis polo miúdo os resultados, comprobaremos que o respecto do alumnado por empregar a mesma

lingua cós seus avós cando esta é o galego chega ata o 35,3% (48 casos), coa converxencia no castelán como segunda opción cun 22,1% (30 casos). O emprego indistinto de ambas as linguas cooficiais é tamén unha opción popular e acada un 14% do total (19 casos), se ben comparando os datos coas respostas anteriores consideramos que, en realidade, estamos asistindo na maioría destes casos a exemplos de avós galegofalantes que mudan a súa lingua para falar cos seus netos e netos que por veces realizan o mesmo esforzo de trocar o seu idioma habitual (castelán) polo empregado polos seus avós (galego). Tamén temos algúns exemplos (3 casos, 2,2% da mostra) de avós que realizan esta mesma tarefa mais con netos que non están dispostos a empregar o código habitual dos seus avós. Continuando con esta idea de non coincidiren os idiomas de avós cara a netos e netos cara a avós, un 8,1% (11 casos) do enquisados emprega unicamente o castelán cando os seus avós falan con eles en galego e outro 8,1% (11 casos) intenta respectar a súa lingua por veces de maneira que a relación é «galego-ambas as linguas». En menor medida, contamos tamén con casos de avós que empregan o castelán para se dirixiren ós seus netos e estudantes que se relacionan con eles en ambas as linguas (3 casos, 2,2% do total), probablemente por seren conscientes do esforzo lingüístico dos seus maiores e por sentiren a necesidade de facelos sentir cómodos aclarándolles que non necesitan que se expresen con eles en castelán. Finalmente, cando a lingua dos avós é outra diferente do galego ou do castelán, nun 2,9% (4 casos) de casos o alumnado emprega estoutra lingua para falar cos seus avós e nun 0,7% (1 caso) non coinciden no código lingüístico posto que o alumno responde en castelán.

Cómpre salientarmos que nin o xénero nin a idade se revelan como variables relevantes para esta cuestión. Así e todo, podemos apreciar como algúns avós escollen dirixirse ós seus netos directamente en castelán, (aludimos ó estudo *O galego segundo a mocidade* (SSRAG 2003: 77) cando este traballo analiza os motivos achegados por un dos grupos de discusión a respecto da importancia de educar en castelán ós fillos durante o franquismo) e, ademais, é preciso salientarmos como algúns estudantes mudan o seu código lingüístico para coincidir co dos seus maiores, feito que non se daba ó tratarse da xeración inmediatamente anterior ó alumnado.

Para finalizarmos co ámbito interxeracional, cómpre repararmos no hipotético **futuro dos alumnos como proxenitores** para verificar o posible mantemento ou recuperación do galego de cara ás xeracións futuras. Así, un 8,6% do alumnado avanza empregar o galego como primeira lingua na educación das súas crianzas e outro 70% coida utilizar ambas. É preciso focalizarmos a nosa atención sobre o primeiro grupo, composto por un total de seis respostas. Estas son todas mulleres agás un home e pertencen tanto ó nivel de 3º da ESO (2 respostas) como de 1º de Bacharelato (4 respostas). Tres destas respostas parten de mulleres nadas e residentes do concello

de Pazos de Borbén (polo tanto, unha zona máis rural) e, das 4, só unha delas responde ó perfil de mantedora do galego como lingua única habitual (a única do total da mostra), mentres que as outras 2 foron educadas completamente en galego e empregan habitualmente máis galego que castelán. Outra das respostas coincide co perfil destas últimas mais a súa residencia e lugar de nacemento mudan xa ó concello redondelán, se ben procede e reside na parroquia de carácter tamén rural do Viso. Tamén procedente do Viso mais residente xa no núcleo máis urbanizado de Arcade é outra das usuarias de 14 anos que indicou que, de ter crianzas, educaríaas exclusivamente en galego. Finalmente, a resposta que máis chama a nosa atención é a elaborada por un rapaz de 3º da ESO procedente e residente de núcleos urbanos (Vigo e Redondela, respectivamente) e que foi educado e ten como lingua habitual unicamente o castelán mais que marcou a opción de educar os seus fillos en galego unicamente. Malia non desbotarmos a posible veracidade desta resposta, coidamos máis probable un erro á hora de seleccionar a resposta tendo en conta o resto de cuestións que foi cubrindo na enquisa e que non casan co seu perfil de usuario (de feito, algunhas das preguntas non foron respondidas ou mesmo se contradicían entre si, feito que fai máis dubidosa a posible veracidade e, polo tanto, menos relevante a resposta).

Unha vez tratadas as mudanzas interxeracionais de idioma, pasamos a falar sobre **as mudanzas de lingua nos propios individuos**. Xa que logo, comparamos os datos recollidos a respecto da lingua inicial e da lingua habitual do alumnado (preguntas 1 e 2 da primeira parte). Neste sentido, segregamos os enquisados que presentan ambas as linguas como iniciais e centrámonos no alumnado que tan só indica unha lingua única como lingua nai, de xeito tal que agrupamos as respostas relativas á lingua habitual en dous grupos segundo a tendencia sexa máis galegofalante ou máis castelanfalante. Así, vemos que a lingua materna e a lingua habitual coincide nun 83,3% dos casos, mais non en igual medida para ambas as linguas, pois o mantemento no caso do castelán é do 100% (37 de 37) mentres que no caso do galego só é do 30% (3 de 10). Cómpre repararmos neste punto nas variables de control «lugar de procedencia» e «lugar de residencia», pois no caso do mantemento do galego, este só se produce nas alumnas residentes en Pazos de Borbén, mentres que as do concello redondelán (5 de áreas rurais e 2 de zonas máis urbanas) se agrupan baixo a tendencia castelanfalante. No caso do alumnado que conta con ambas as linguas como linguas maternas, os 22 estudantes que conforman este grupo presentan tendencia castelanfalante (1 de forma exclusiva e o resto en maior medida có galego). Do alumnado cuxo lugar de procedencia non coincide co lugar de residencia, a lingua castelá mantense cando as mudanzas se producen cara a zonas máis rurais mentres que unha das alumnas que indica proceder dunha zona rural e terse mudado a outra

máis urbana declara ter o galego como lingua nai pero empregar habitualmente o castelán en maior medida, solución que non se cumpre no caso inverso. Tamén resulta interesante observar os datos baixo o criterio de xénero, para constatar se se dá o caso de que as mulleres tenden máis frecuentemente a trocar a lingua en comparación cos homes. No caso da nosa enquisa, constatamos que, dos 7 estudantes que trocan de lingua, 5 son mulleres e 2 son homes, polo que o xénero podería ser un criterio relevante no que ós trocos de idioma se refire e, concretamente, a respecto do abandono do galego; mais o grupo é demasiado pequeno para podermos asegurar que esta idea está a ser reflectida na nosa mostra de traballo.

4.1.2. Preguntas 15 a 29: lingua do alumnado noutros contextos.

Finalmente, reparamos noutra serie de aspectos relativos á lingua empregada polo alumnado en diferentes contextos (preguntas 15 a 29 da primeira parte). Comezamos esta sección referíndonos a unha parte esencial da **vida dos estudantes, o ocio e as redes sociais**.

Das 70 respostas, tan só unha persoa declara consumir **ocio** principalmente en galego e unicamente o 5,7% afirma facelo habitualmente en ambas as linguas cooficiais. Deste xeito, o galego só está presente nos contidos de ocio consumidos por aproximadamente un 7% da mostra estudada, é dicir, por 5 enquisados. Destes, o que afirma consumir contidos de ocio só en galego é o mesmo que nos xerou dúbidas a respecto da lingua na que educaría as súas crianzas e que tiña o castelán como lingua nai e como lingua habitual, polo que as conclusións que tomamos coinciden co comentado naquela sección da análise. En canto ó resto, unha metade pertencen ó nivel da ESO e a outra ó Bacharelato e soamente unha delas é muller. Esta última, xunto con outro alumno do grupo, proveñen de zonas máis rurais (as parroquias redondelás de Cesantes e O Viso) e foron educados unicamente en galego, se ben declaran empregar máis o castelán có galego como lingua habitual. Na mesma situación, mais xa educado nas dúas linguas no canto de soamente en galego temos a outro estudante de 14 anos procedente de Vigo mais residente dunha zona rural de Cesantes. Finalmente, este grupo de persoas que consomen contidos de ocio en galego xunto co castelán complétase con outro alumno de 1º de Bacharelato da zona rural de Saxamonde e que difire da mostra en tanto que foi educado exclusivamente en castelán, mais que emprega tamén o galego (se ben en menor medida) no seu día a día. Esta pregunta relativa ós contidos de ocio retomarámola ó tratarmos as opinións lingüísticas que forman parte da segunda parte da nosa enquisa e que serán relevantes para tratarmos este concepto de forma completa.

En canto ás **redes sociais**, fenómeno presente cada vez máis no día a día das novas xeracións, o galego non é a lingua única das redes sociais de ningún enquisado e tan só aparece aparellada ó castelán nun 2,9%; é dicir, dous usuarios. Unha ampla maioría, o 92,9%, emprega o castelán de xeito exclusivo e o 4,3% restante (isto é, 3 persoas) utilizan unha lingua diferente das cooficiais. Polo tanto, como vemos nesta pregunta, os resultados entran en contradición co exposto cando traballamos sobre a lingua habitual, pois a alumna que afirmaba utilizar unicamente o galego contradíse ó tratarse das redes sociais. Probablemente, o motivo desta mudanza nas redes sociais ten que ver cos núcleos de socialización do estudantado alén da escasa oferta de ocio en galego, como indican maioritariamente nunha pregunta posterior da enquisa. En calquera caso, a lingua habitual do noso alumnado nas redes non é senón o castelán, co galego practicamente ausente mais, se cómpre mudar a situación de normalización do alumnado, un dos vieiros polos que comezar son as redes sociais. Ana Enériz (2019) elaborou un estudo de corte cuantitativo e cualitativo no que investigaba, entre outras hipóteses, o afastamento que provocaban as redes sociais na mocidade debido ó amplo uso do castelán que se fai nelas e como consecuencia da globalización. Entre os seus participantes, tamén se atopaban mozos que abandonaban a súa lingua habitual en favor do castelán, a semellanza do que acontece coa nosa investigación. Para boa parte da súa mostra, o emprego do galego mesmo podería ser negativo xa que provocaba unha sensación de «produto de moda» (2019: 53).

En relación coa **lingua de socialización** en contextos máis próximos, o castelán continúa a ser a lingua de maior peso tanto de forma exclusiva (41,4%) como maioritaria (52,9%) dos grupos de amigos dos estudantes, mentres que só os círculos íntimos do 5,7% do alumnado emprega principalmente o galego como lingua de socialización. En canto á lingua que o propio alumnado emprega para dirixirse ás súas amizades, os datos non varían practicamente (de feito o castelán gaña un usuario que o selecciona como a lingua de uso preferente) e tan só o 4,3% da mostra afirma dirixirse ós seus amigos principalmente en galego (as mesmas alumnas provenientes de Pazos de Borbén). Canto á lingua no centro, os datos recollidos sinalan que a lingua máis empregada polos compañeiros do alumnado enquisado é o castelán, pois o 38,6% afirma que os seus compañeiros e compañeiras de curso o empregan de forma exclusiva e un 60% declara que en maior medida có galego (60%), mentres que tan só un enquisado seleccionou a opción «máis galego que castelán», polo que esta resposta non é relevante para a análise. Canto á lingua que o propio alumnado emprega cos seus compañeiros de curso, o galego gaña escasamente máis terreo en canto que a alumna que se declaraba monolingüe en galego afirma relacionarse cos seus compañeiros de curso só en galego e dous usuarios máis (as mesmas rapazas de

Pazos de Borbén que mencionamos máis arriba nesta análise) tamén utilizan o galego en maior medida có castelán cos seus pares académicos. Este grupo composto por rapazas do concello principalmente rural de Pazos de Borbén parece consolidarse, pois, como o núcleo de socialización galegofalante no centro do estudantado enquisado. Este dato contrasta coa lingua empregada polo persoal do instituto, pois na pregunta 17 (a lingua máis empregada polo profesorado e demais persoal no IES Mendiño) o galego ocupa o 78% tanto de forma exclusiva como conxunta co castelán como o idioma empregado en maior medida, mentres que o castelán sería a lingua máis empregada no centro de acordo con tan só o 22,1%.

As seguintes catro preguntas continúan afondando nesta idea do emprego de cada lingua en función do contexto social, de forma que inquirimos a respecto da lingua empregada en **contextos de confianza e desconfianza** cando o alumno debe responder a un acto comunicativo iniciado por un interlocutor que emprega ora o galego ora o castelán. Así, cando tratamos cun contexto de confianza, un 72,9% indica empregar o galego para responder ó acto comunicativo iniciado por un interlocutor galegofalante e un 5,7% emprega esta mesma lingua para responder a un interlocutor castelanfalante. Tendo en conta os datos referidos a respecto da lingua habitual do alumnado, o número de estudantes que empregan máis castelán que galego coincide co número de respostas que converxen na lingua do interlocutor ó tratarse do galego (51). Deste grupo, un 54,9% son mulleres (é dicir, un 75,7% do total de mulleres) e un 45,1% homes (isto é, 69,7% do total de homes), o que, se atendemos ó nivel de castelanización que parece presentar a mostra, semella significativo en tanto que, como comentamos, a procura do maior éxito social era un factor relacionado coas mulleres dende a propia lingua na que foron educadas. En canto á idade deste grupo, resólvese como un factor aparentemente significativo posto que, a maior idade, máis respecto do código lingüístico (o 37,3% pertence ó grupo de 3º da ESO e o 62,7%, a 1º de Bacharelato). Pola outra banda, o total de alumnado que se decantan polo castelán cando o seu interlocutor emprega esta lingua é significativamente maior (94,3%), de forma que só catro alumnas, todas mulleres procedentes de zonas máis rurais (Pazos de Borbén e O Viso-Arcade) afirman manter o galego sen respectar o idioma do iniciador da conversa. Agás a resposta dada pola alumna de 3º da ESO que afirma ser educada en galego mais que habitualmente emprega o castelán en maior medida, as outras tres respostas pertencen ó grupo galegofalante da mostra, o alumnado de Pazos de Borbén sobre o que reparamos anteriormente.

No caso de non teren confianza co interlocutor, os datos son coincidentes ó tratarse dun iniciador galegofalante (72,9%) mais, se este comeza a conversa en castelán, os resultados para o galego vense reducidos a un único enquisado, unha rapaza de 1º de Bacharelato cuxo conxunto de resultados (que denotan unha

tendencia castelanfalante) non concordan con esta resposta, polo que coidamos que se debeu tratar dun erro á hora de indicar a escolla. Se non temos en conta esta particularidade, vemos como a totalidade dos enquisados decide utilizar o castelán como a lingua axeitada para responder a un interlocutor que emprega este idioma e co que non teñen confianza. Esta situación non acontece en igual medida para o galego, polo que semella que o criterio de converxencia ten máis efectividade cando se trata dun contexto favorable ó castelán. Esta idea parece estar relacionada coa tendencia cara á acomodación lingüística da maioría de usuarios e, ó coincidiren neste caso as respostas tanto de castelanfalantes como de galegofalantes, a procura dunha conversa cómoda en función da converxencia de linguas favorece á lingua de maior popularidade na mostra.

Centrémonos agora no que acontece cando é o alumnado quen debe iniciar a conversa. Presentouse na nosa enquisa dúas situacións similares, mais que diferían nunha característica clave, a idade dun interlocutor descoñecido ó que se dirixiría o alumnado. Deste xeito un 51,4% do grupo enquisado afirmou que levaría a cabo esta tarefa en galego mentres que o 48,6% realizaríaa en castelán. Pola contra, se o interlocutor fose de idade similar ó alumnado as porcentaxes trocan a 98,6% en castelán e 1,4% en galego; é dicir, soamente un alumno se dirixiría a un descoñecido da súa idade en galego (de novo, unha das alumnas de 1º de Bacharelato pertencente ó concello de Pazos de Borbén, mais non a mesma que afirmaba empregar só o galego habitualmente senón máis galego que castelán). En canto á primeira pregunta, se o descoñecido é de idade avanzada, os datos tenden a ser máis similares (36 para a opción en galego e 34 para a opción en castelán). Dos que marcaron a opción en galego, o 61,1% son mulleres e o 38,9% son homes e o 80,6% pertence a zonas máis rurais. Do alumado que reside en zonas máis urbanizadas, un 61,1% marcou a opción en castelán, polo que se verifica como a penetración do castelán nos núcleos urbanizados é tan forte que mesmo chega a superar o prexuízo do galego como lingua axeitada para tratar con persoas de idade avanzada. Con todo, polo que podemos observar, o grupo da mostra parece manter viva a idea de que o galego é unha lingua marcada pola idade, de maneira que coa xente nova a comunicación se produciría máis efectivamente e sería esperablemente en castelán.

Alén da idade, tamén nos interesamos polo **contexto formal da situación**, posto que o tópico do castelán como lingua apta para os contextos máis formais nos que se requira dun rexistro máis elevado no que se lexitima a lingua allea non é senón un fenómeno clásico da nosa sociolingüística e mesmo acontecía co grupo de galegofalantes do estudo *O galego segundo a mocidade* (SSRAG 2003: 90). Xa que logo, o 81,4% do alumnado dirixiríase a un descoñecido nun contexto formal en castelán, mentres que só o 18,6% o faría en galego. Un 93,9% de homes realizaría esta acción

en castelán mentres que un 70,3% de mulleres comezaría a conversa na mesma lingua, mais, dados os hábitos lingüísticos do alumnado, o sexo non parece unha variable significativa para esta pregunta. Con todo, parece evidente que segue a arrastrarse o prexuízo do castelán como unha «lingua fina», máis apto có galego para as situacións formais; se ben tamén temos que ter en conta que este grupo emprega en maior medida o castelán, polo que non podemos afirmar con total seguridade que esta escolla lingüística veña condicionada por un prexuízo ou simplemente derive dos hábitos frecuentes do alumnado.

Para finalizar co tema da socialización e, asemade, coa primeira parte da enquisa relativa ó perfil lingüístico do alumnado, inquirímoslle ó grupo cal era a **lingua empregada á hora de mocear** e, aínda que dous enquisados non completaron esta pregunta, só tres estudantes afirmaron que realizaría esta acción en galego, mentres que o 95,6% botaría man do castelán. O 4,4% favorable ó galego tradúcese no perfil de tres estudantes homes de 3º da ESO, dous deles residentes de zonas urbanas do concello de Redondela e outro dunha parroquia máis rural do mesmo concello. Este último, malia ser o único criado en galego, indica que só emprega o castelán mentres que os outros dous foron criados respectivamente en castelán ou nas dúas linguas e afirman empregar en maior medida o castelán có galego. Deste xeito, a veracidade de resposta desta pregunta non semella fiable, mais, independentemente destes casos particulares, podemos observar como a maioría do alumnado prefire ligar en castelán, incluído aquel sector que emprega en maior medida o galego como lingua habitual. Estes datos entroncan directamente coa situación que advertía hai xa dúas décadas o estudo *O galego segundo a mocidade* (SSRAG 2003: 125):

Poden resultar especialmente preocupantes as situacións que describen un uso ritual do castelán nos ambientes ou situacións que facilitan a formación de parellas, pola importancia que pode ter unha primeira negociación da lingua nun eventual núcleo familiar.

Malia non podermos neste estudo abordar os motivos principais que levan a gran parte da mocidade a empregar o castelán como lingua máis apta para a formación de parellas, coidamos que non sería desacertado ligala coa cuestión relativa á lingua que empregan para comezar unha conversa cun descoñecido de idade similar ó estudantado (maioritariamente, o castelán), pois é probable que o prexuízo de ser o galego unha lingua menos frecuente entre a xente nova implique menos posibilidades de éxito á hora de iniciar unha relación social favorable.

4.2. Opinións lingüísticas

Canto a esta sección, comezamos inquirindo a respecto dun ámbito coñecido de primeira man polo alumnado, a lingua no ámbito escolar. Xa que logo, as primeiras preguntas que fan parte deste apartado relaciónanse coas opinións persoais dos estudantes a respecto da distribución de horas segundo as linguas cooficiais, a rendibilidade de estudar en galego materias científicas e mesmo a capacidade do alumnado de realizar o seu estudo en galego ou de se expresaren na clase neste idioma.

En primeiro lugar, pois, interesámonos pola opinión do grupo en relación coa distribución das **horas de clase en función da lingua**, de maneira que un 60% da mostra considera que esta distribución non é equitativa mentres que un 40% si a considera así. Canto á proposta de distribución, propuxemos catro modelos de resposta que mostraron a variedade de preferencia do alumnado: un 50% considera que deberían distribuírse en igual número; un 25,7% opina que deberían impartirse máis materias en galego ca en castelán; un 14,3% pensa que todas as materias agás Lingua castelá e literatura deberían ensinarse en galego; un 7,1% propón que deberían darse máis horas en castelán ca en galego; e, finalmente, tan só un 2,9% propón impartir todas as materias en castelán agás Lingua galega e literatura. Se ben podemos observar como a metade da mostra (isto é, 35 alumnos) considera que a distribución debía ser equitativa ó 50%, o galego conta cun apoio superior ó castelán no que a pretensións de distribución de horas se refire posto que a suma dos datos favorables ó galego acada un 40% mentres que a porcentaxe favorecedora á maioría de horas impartidas en castelán tan só chega ó 10%.

Cómpre relacionarmos os resultados desta pregunta con outra proposta máis adiante nesta sección e que se relaciona co desexo do alumnado de **mellorar o seu nivel de galego**. Para esta cuestión, un 87,1% do alumnado afirma querer mellorar o seu nivel de lingua fronte a un 12,9% que non o considera necesario. Se comparamos os resultados da pregunta anterior con esta, podemos observar que a metade do alumnado que eran partidarios dunha distribución horaria favorable ó castelán no ámbito escolar afirma non desexar mellorar o seu nivel de galego. Se temos en conta os datos recollidos na primeira sección da enquisa, o resto de alumnado que non desexan mellorar o seu nivel de galego proveñen de familias castelanfalantes nos que a transmisión interxeracional do galego xa se perdera cando menos en dúas xeracións anteriores ó propio alumnado (agás un alumno que afirma que o seu núcleo familiar emprega indistintamente ambos os idiomas e outro que, malia criarse nun seo galegofalante, unicamente emprega o castelán tanto coa súa familia como habitualmente). Resulta interesante comparar estes resultados coa transmisión

futura do idioma, pois dos 11 estudantes que adiantaron criar os seus fillos en castelán, 7 non desexan mellorar o seu nivel de galego e 5 son favorables a unha distribución de materias segundo a lingua beneficiosa para o castelán (debe salientarse que os dous alumnos que preferían a opción de impartir todas as materias en castelán agás a propia materia de Lingua galega non adiantaron educar as súas crianzas unicamente en castelán). A comparación destas preguntas, pois, pode apuntar cara a unha posible indiferenza en relación coa importancia do idioma para estes alumnos e mesmo tamén un certo sentimento de animadversión cara ó galego por parte dunha parte do alumnado que, malia pequena, non deixa de estar presente. Deseguido continuaremos explorando esta posibilidade.

Retomando as opinións lingüísticas no ámbito escolar, a terceira pregunta que recolle esta sección do cuestionario refírese á **idoneidade de impartir as materias científicas en galego**. Se ben o resultado é favorable para o galego, non semella nada positivo que ata un 40% do grupo enquisado non considera que se deban impartir as materias científicas en galego. Xa que logo, vemos como o prexuízo de que o galego non é unha lingua apta para impartir as ciencias formais no ámbito escolar está presente en boa parte do alumnado. A diferenza coa enquisa realizada no Mapa Sociolingüístico de Galicia de 1996, nós centrámonos especificamente na idoneidade do galego sen comparala co castelán de forma directa e, con todo, os resultados son aínda máis desfavorecedores que os de hai dúas décadas, pois estes últimos mostraban unha indiferenza do 50% e un apoio cara ó galego como lingua máis apta para este fin do 20% (SSRAG 1996: 96). É preciso comparar estes datos cos recollidos en relación coa lingua habitual, de forma que vemos como un 42,8% deste grupo emprega unicamente o castelán e un 57,2% máis castelán que galego, mais non se recolle a presenza de usuarios con outros hábitos lingüísticos que apoién esta idea, dato que coidamos é necesario salientar. Da mostra total, na que recollemos 15 estudantes (probablemente 16 xa que unha estudante que non respondeu esta cuestión si seleccionou o castelán como a súa lingua inicial e tende a responder con esta lingua nas cuestións relativas ós seus hábitos lingüísticos), un 80% considera que o galego non é unha lingua axeitada para impartir as materias de ciencias.

Alén disto, un 32,9% do alumnado non se sente cómodo expresándose en galego nas aulas e, se o comparamos cos datos recollidos a respecto do desexo de mellorar o nivel de lingua, vemos como un 30,4% deste grupo que non se sente cómodo non desexa mellorar o seu nivel de lingua, polo que a súa relación co galego parece estar profundamente danada. En relación con esta idea, un 67,1% dos enquisados non afirman preferir realizar o seu estudo nunha lingua concreta, mais o 28,6% e o 4,3% restantes prefiren realizalo en castelán e galego respectivamente. O 4,3% corresponde a 3 alumnas, unha delas do xa comentado grupo galegofalante de Pazos

de Borbén, outra alumna de 1º de Bacharelato criada en ambas as linguas e outro alumno de 3ª da ESO que foi criado en galego mais que emprega habitualmente máis o castelán. En canto ó grupo que prefire realizar o seu estudo en castelán, un 30% emprega só o castelán habitualmente (o 70% utiliza máis o castelán có galego) e un 75% teno tamén como lingua nai (das restantes persoas, 4 marcaron ambas as linguas cooficiais como lingua inicial e 1 o galego). Poderíamos concluír que a castelanización dos núcleos máis urbanizados xoga un papel fundamental nas escollos lingüísticas. Os núcleos poboacionais determinan as actitudes e as relacións entre os habitantes e o elemento lingüístico non se afasta desta tendencia. Xa que logo, a lingua de relación social máis habitual entre a xente nova do núcleo urbano é o castelán e, pois, os estudantes que se relacionan nesas áreas tenden a empregar máis a lingua dominante. A escolarización no rural fronte á escolarización no centro da vila tamén podería xogar un papel fundamental na escolla idiomática do alumnado.

A continuación preguntamos polas posibilidades que presenta, para o alumnado, **o galego como potencia no mercado internacional**. Deste xeito, un 87% considera que o galego é unha lingua apta para empregarse en contextos internacionais e un 13% opina que non é válida para o mesmo fin (un enquisado non respondeu esta cuestión). Esta resposta obedece á actitude de respecto que tenden a presentar os enquisados cara ó galego e mais á efectividade do traballo docente. Cómpre lembrarmos que estamos a tratar con alumnado que activamente discute estes temas nas aulas de Lingua galega e literatura de acordo co currículo da ESO e do Bacharelato, polo que non é de estrañar que afirmen que todas as linguas, incluído o galego, son válidas no marco internacional (e aínda máis tendo en conta os exemplos actuais de marcas e empresas que utilizan o galego como elemento distintivo no marco comercial, como Larsa ou Gadis, e que son obxecto de estudo nas aulas).

A seguinte pregunta, que non foi respondida por dous usuarios, inquiría sobre a **rendibilidade económica que podería presentar o galego** e un 19,1% consideraba que o noso idioma non conta con esta potencialidade. Cómpre analizarmos as respostas desfavorables para o galego de ambas as dúas cuestións en función da lingua inicial e habitual dos estudantes. Deste xeito, dos 9 enquisados que consideraron que o galego non era apto para empregarse en contextos internacionais, 4 teñen o castelán como lingua única de uso habitual, 4 de forma maioritaria e 1 enquisada ten o galego como lingua máis empregada frecuentemente (dato que chama a nosa atención); e dous terzos foron criados en castelán (fronte a 2 enquisados que foron criados en galego e 1 que ten ambos os idiomas como linguas nai). Verbo do segundo grupo, conformado xa por 13 persoas (dous terzos do grupo anterior atópanse tamén neste feixe), un 30,8% ten ambas as linguas como linguas nai e un 69,2% ten o galego como única lingua inicial. Ademais, case a metade desta

mostra (6 alumnos) empregan exclusivamente o castelán no seu día a día fronte a 7 alumnos que empregan o mesmo idioma en maior medida có galego, mais ningún deles ten esta última como lingua de uso máis frecuente. O estudo *O galego segundo a mocidade* indicaba a respecto da utilidade do castelán no ámbito laboral que, malia non se mostraren os participantes abertamente hostís contra o galego, eran poucas as situacións nas que coidaban este idioma útil no eido económico debido a un factor principalmente ambiental (SSRAG 2003: 93). Tamén sobre este factor da economía reparaba o profesor Henrique Monteagudo (2016) chamaba a atención sobre os efectos do neoliberalismo e a globalización sobre a noción de lingua e as percepcións que os falantes lle achegaban ás distintas linguas a modo de clasificadores da importancia xerárquica en termos de *mercado lingüístico*, concepción de grande importancia defendida no panorama lingüístico actual en detrimento da visión tradicional de *comunidade lingüística* (Heller/Duchêne, 2012). Sinala Monteagudo (2016: 310):

Co asoballante auxe da globalización, pasouse de enfatizar o valor económico das linguas a contemplalas exclusivamente (ou case) desde o reducionista punto de vista económico ou utilitario, espidas do 'peso' das culturas específicas a que están vencelladas. Os vellos discursos que facían repousar o valor da lingua na súa asociación cunha identidade nacional forte, na que tradición cultural, e especialmente o prestixio da súa literatura, adoitaba a xogar un importante papel, recúan fronte os novos discursos sobre a súa condición de vehículo de comunicación internacional e o valor de mercado, real ou imaxinario, que se lle atribúe.

Se ben os resultados do noso estudo parecen favorables para a defensa do galego mesmo dende esta óptica, a realidade non se afasta desta idea da perda da asociación lingua-identidade sobre a que nos centramos a continuación.

Avanzamos, pois, cara a unha sección que coidamos interesante para o noso traballo, o **factor identitario**. O profesor Monteagudo (1999), na súa *Historia social da lingua galega*, chama a atención sobre a problemática antropolóxica da definición dos grupos étnicos que recoñecera Barth en 1970 e indica que a lingua, malia ser un elemento obxectivamente constatable polo observador externo, non se converte necesariamente nun factor definitorio da identidade do grupo, pois é o mesmo o que establece os trazos relevantes para a definición da súa especificidade e estes poden ser imprevisibles e mesmo semellar irrelevantes para un ollo externo (Monteagudo 1999: 33). Xa que logo, preguntámoslle ó grupo-mostra se consideraban que era máis galega unha persoa que fala galego e a maioría (concretamente, un 64,3%) mostrouse contraria a esta afirmación fronte a tan só 25 persoas (isto é, un 35,7%) que si se mostraban de acordo coa mesma. A maiores, inquirímoslles ós enquisados se opinaban que falar dúas linguas en Galicia era unha vantaxe para os habitantes do

noso territorio e unha ampla maioría, que sumaba ata o 92,9% da mostra, afirmaba estar de acordo fronte a 5 persoas que non opinaban o mesmo. Estas cinco persoas corresponden con usuarios que teñen o castelán como lingua nai (3) ou ambas (2) e que empregan habitualmente o castelán de forma única (2) ou maioritaria (3).

Despois, preguntóuselles se pensaban que o **castelán e o galego eran linguas igualmente propias** do noso territorio e un 60% de usuarios mostrouse a favor desta idea. O alumnado que ten o galego como lingua nai (10) divídese nun 30% na opción que considera que o castelán e o galego son igualmente propios de Galicia e o 60% na opción restante. Dos que empregan maioritariamente o galego, un enquisado considera que o castelán non é igualmente propio en comparación co galego e os outros dous, si. Dos 28 alumnos que afirmaron que o castelán non é tan natural coma o galego en Galicia, 13 foron criados en castelán e tan só un emprega máis o galego, mentres que 22 utilizan o castelán en maior medida e 5 de forma exclusiva. Así, podemos ver como incluso este alumnado de tendencia castelanfalante non lles achegan o mesmo valor ós dous idiomas no que se refire á lingua propia de Galicia fronte á natureza externa ou allea que presenta o castelán no noso país. Con todo, ata o momento obsérvase como a maior parte do alumnado considera que o castelán e o galego son linguas igualmente naturais en Galicia e o idioma non é, para a maioría, un factor delimitador da identidade galega, idea que xa o Mapa Sociolingüístico de Galicia de 1996 reproducía indicando a escasa consciencia etnolingüística dos falantes.

Para rematar con esta sección, consultámoslos sobre se **o galego debería ter máis dereitos** recoñecidos en Galicia có castelán, para o que unha ampla maioría (82,9%) afirmou que si os debería ter. Deste xeito, seméllanos que, malia seren quen de recoñecer unha situación de conflito entre ambas as linguas e de ver que o galego nos se atopa na mesma posición cá lingua dominante, non consideran que a cuestión de empregar un código lingüístico ou outro presente implicacións reais sobre o factor identitario do individuo, quen semella para estes alumnos libre de escoller un código lingüístico ou outro sen que se relacione esta escolla cun factor político-social que os afecte de primeira man senón como algo alleo ó seu contexto persoal. Polo tanto, vemos como, para a nosa mostra de traballo, a lingua cumpre máis un factor pragmático ca simbólico. O profesor Monteagudo, reflexionando a respecto da invención dos estados nacionais defensores do monolingüismo, enfrontaba dúas correntes de pensamento, os relatos tradicionais sobre a construción das identidades nacionais e mais a visión construtiva, para as que a lingua se constata como un elemento definitorio, mais que varían principalmente pola fixación/evolución das propias identidades no tempo (Monteagudo 2012: 47). No caso galego, experimentador dunha forte conflitividade e hibridismo, poderíamos apreciar como

a lingua xa non parece un elemento clave na conformación da identidade contemporánea, polo menos non sería así para a maior parte do noso alumnado.

Avanzando coa idea dos **dereitos e obrigas do galego**, propuxémoslles unha serie de situacións laborais ós estudantes para que nos indiquen se consideran que para eses determinados postos de traballo debe requirirse o dominio da lingua galega. Os cargos ós que nos referimos son médicos, xuíces, persoal que traballe con anciáns e persoal da Administración pública galega. Os resultados favorables á obrigatoriedade de coñecemento do idioma foron os seguintes: 85,7%, 81,4%, 90% e 95,7%. Se ben a ampla maioría está a favor da obrigatoriedade de coñecer a lingua propia, semella, pois, que os traballos de maior prestixio son os que parecen requirir menos o dominio do galego (xuíces e médicos) mentres que os que están en contacto con persoas de idade avanzada (de acordo coa idea de que o galego é máis axeitado para falar con anciáns como puidemos ver na pregunta 26 da primeira sección da enquisa) e mais os da Administración pública son os que máis deberían dominar o idioma probablemente, segundo a opinión do alumnado, por estaren máis en contacto co mesmo. O alumnado que respondeu a opción contraria nas cuestións relativas a esta idea presenta un perfil similar: a maioría ten o castelán como lingua inicial agás dous alumnos que teñen ambas xunto con outro que indica o galego) e o 60% emprega habitualmente o castelán como lingua de uso máis frecuente e o 30% restante tan só utiliza o castelán. Os alumnos con tendencia principalmente galegofalante, pola súa banda, situáronse a favor da opinión maioritaria e todos os estudantes que foron criados en galego agás o xa sinalado tamén seleccionaron a opción máis apoiada.

Canto ás preguntas 17 a 20 desta parte, exploráronse as ideas que teñen os estudantes a respecto **do seu galego en comparación con outras formas tanto dialectais como coa koiné**. É preciso aludir a unha idea fundamental que achegaban Regueira/Fernández Rei (2017) na obra *Estudos sobre o cambio lingüístico na sociedade actual*: debido ó incremento da urbanización, a nosa lingua tivo que desenvolver novas variedades influídas polo contacto co castelán en detrimento das variedades tradicionais e a lingua da mocidade, pois, sufriu un proceso de evolución de envergadura nunha gran maioría de casos (2017: 7). Deste xeito, comezamos preguntándolles que opinan do seu galego en comparación co estándar e un 75,7% da mostra considera que o seu galego non é mellor có estándar (un 24,3% si) e un 52,9% afirma que o seu galego é peor có estándar (non así o 47,1% restante). Comezamos analizando o mercado polo alumnado galegofalante, sexa de forma monolingüe ou bilingüe en función do indicado na pregunta relativa á lingua habitual, de maneira que na primeira cuestión o 100% se sitúa na opción de «non mellor có estándar». Canto a se o seu galego é peor có estándar, dous terzos móstranse a favor da afirmación e un terzo, en contra. Pola súa banda, o alumnado de tendencia castelanfalante sitúase, na

primeira pregunta, nun 25,4% na opción «mellor có estándar» (un 74,6% escolle «non mellor có estándar») e, na segunda, nun 52,2% baixo a opción «peor có estándar» e un 47,8% na opción «non peor có estándar». Polo tanto, concluímos que, malia seren poucos os alumnos de tendencia galegofalante, semella darse o caso de que a forma lingüística propia non ten para o alumnado un prestixio superior ó estándar, senón que maioritariamente é percibido coma un «peor galego». No caso dos castelanfalantes, xa nos atopamos coa existencia duns cantos alumnos que consideran o estándar como unha variedade peor cá súa propia, pero a maioría deste grupo considera o seu galego como peor có estándar. Desta maneira, o estándar parece para o alumnado castelanfalante unha variedade catalogada como «mellor» có galego do que fai uso, mais tamén asistimos a certa actitude crítica. De podermos continuar a nosa análise afondando nos motivos que levaron ós estudantes a manter esta opinión, podería ser posible afirmar a existencia dunha certa animadversión cara ó galego estándar mais, desafortunadamente, este viero de exploración fica fóra dos límites do noso traballo.

Verbo da percepción propia en **comparación co galego doutras áreas dialectais**, e tendo en conta que un alumno non respondeu estas cuestións, un 72,5% considera que o seu galego non é mellor có doutras partes do territorio (un 27,5% opina que si) e un 69,6% considera que o seu galego non é peor que as variedades dialectais doutras zonas (un 30,4% selecciona a opción inversa). Como vemos, a tendencia é a de non considerar mellor nin peor a variedade dialectal propia fronte ás alleas, mais é máis frecuente a percepción de que o galego propio é peor có galego doutras áreas dialectais (30,4%) cá opción de ser a variedade propia do alumnado mellor (27,5%). De novo, procedemos a analizar primeiro o seleccionado polo alumnado galegofalante tanto monolingüe como bilingüe, de xeito que na primeira cuestión ningún se sitúa na opción de «mellor có doutras zonas dialectais» senón que todos optan pola opción de «non mellor có doutras zonas dialectais». Sobre se o seu galego é peor có doutras variedades xeográficas, un terzo móstrase a favor da afirmación e dous terzos, en contra (coincidindo coa escolla anterior relativa á variedade estándar). Pola súa banda, o alumnado de tendencia castelanfalante sitúase, na primeira pregunta, nun 28,8% na opción «mellor có doutras zonas dialectais» (un 71,2% escolle «non mellor có doutras zonas dialectais») e, na segunda, nun 30,3% baixo a opción «peor có doutras zonas dialectais » e un 69,7% na opción «non peor có doutras zonas dialectais». Polo tanto, vemos como, en xeral, a maior parte do alumnado non avalía como mellor ou peor o seu galego fronte ó doutras áreas xeográficas, mais si que podemos identificar certa tendencia por unha pequena parte do grupo a valoralas nesta clasificación subxectiva, nomeadamente de forma negativa de cara á variante propia.

A seguinte pregunta, relativa ó **consumo de ocio en galego**, está directamente relacionada coa cuestión 15 da primeira parte do cuestionario, a lingua na que os estudantes consomen principalmente contidos de ocio. Así, neste caso preguntámoslles ós enquisados se consideran que se debería traballar para ter unha maior oferta de ocio en galego (series, películas, videoxogos, libros etc.) e un 85,7% apoiou esta proposta. Do 14,3% restante, o 70% consumía contidos de ocio só en castelán (2 noutras linguas/castelán e outras linguas e 1 en galego e castelán) ademais de que un 40% ten como lingua habitual unicamente o castelán e un 60% de xeito maioritario. Na pregunta seguinte buscamos coñecer se, de producirse ese consumo en galego, o alumnado estaría dispostos a consumilo. Neste caso, a porcentaxe maioritaria, un 78,6% da mostra, si se mostraría receptivo ó consumo do novo ocio en galego, mais un 21,4% (isto é, 5 persoas máis que na pregunta anterior) admiten non sentirse interesado en facelo. As oito persoas que responderon que si consideran necesario que se traballe por termos máis contido de ocio en galego mais que non o consumirían persoalmente presentan todas o castelán como lingua habitual de forma única ou maioritariamente e a lingua na que consomen ocio tende a ser o castelán ou o castelán con outra(s) linguas que non sexan galego. Vemos, pois, que para un certo grupo de estudantes o galego é unha lingua totalmente afastada do ocio do que gozan diariamente.

A continuación preguntámoslles se coidaban necesario que se traballe por **mellorar a situación do galego e incrementar o número de falantes** e 8 alumnos (isto é, un 11,4% da mostra total) mostráronse en contra desta proposta de toma de medidas. De novo parece evidenciarse que boa parte do alumnado enquisado considera a escolla idiomática como unha cuestión de total liberdade individual sen que existan condicionantes externos ó individuo que maticen dende o inicio da vida do individuo as eleccións do código lingüístico. Do 11,4% de estudantes, 5 presentan como lingua nai o castelán, 2 ambas as linguas cooficiais e 1 o galego; e, como lingua habitual, o castelán de forma única en 6 alumnos e o castelán en maior medida en 2 alumnos. Polo tanto, dos estudantes que responderon que non era necesario implementar medidas para incrementar o número de falantes, só un ten o galego como a súa lingua inicial mais ningún deles o emprega habitualmente ou, de empregalo, de forma moito máis reducida có castelán. Con todo, cómpre asociarmos esta pregunta coas cuestións identitarias que comentamos previamente. O discurso de liberdade de escolla amosa unha fonda defensa por parte do estudantado (lembramos, principalmente castelanfalante), mais a pretensión de tomar partido para mellorar a situación da lingua tamén conta cunha defensa moi ampla. Esta coincidencia lémbra-nos o que xa indicaba aqueloutro estudo sobre a mocidade

(SSRAG 2003: 180) a respecto da percepción da defensa da lingua pola mocidade castelanfalante:

A percepción dunha maior preocupación noutras comunidades autónomas polas súas linguas propias provoca sentimentos ambivalentes nos que se mesturan a culpabilidade por considerar que os galegos non facémo-lo suficiente pola nosa lingua e o rexeitamento dos modelos alleos xustificando unha suposta maior tolerancia.

Finalmente, a última sección desta parte do cuestionario componse de cinco preguntas que exploran a posible **existencia de tópicos relacionados co galego**. O primeiro que tratamos foi a utilidade fronte o castelán, de maneira que se lles formulou ó grupo a seguinte pregunta: «Cres que o castelán é máis útil e, por tanto, importante có galego?». O resultado foi negativo nun 75,7% e afirmativo nun 24,3%. Se comparamos os datos desta pregunta cos recollidos en cuestións anteriores comprobaremos que, do 24,3%, a totalidade son castelanfalantes (58,8% de forma exclusiva e 41,2%, maioritaria) e todos presentan o castelán como lingua inicial agás 3 alumnos que teñen ambas e outra que ten unha diferente. Pola súa banda, os estudantes de tendencia galegofalante sitúanse todos en contra da maior utilidade do castelán, igual que fixo o 71,4% do alumnado restante que se cataloga principalmente como castelanfalante. Os resultados da nosa enquisa coinciden neste punto, pois, cos plasmados no estudo *O galego segundo a mocidade*, que, para explicaren esta situación de respecto e tolerancia dos participantes castelanfalantes, indican o seguinte (SSRAG 2003: 94):

Adoitan ser castelanfalantes os que atopan que non hai diferencias en canto a utilidade dunha ou outra lingua. Esta percepción da mesma utilidade explícase porque, por unha banda, a maioría dos falantes da mostra non se amosan abertamente hostís co galego, polo que, en xeral, toleran ben as situacións nas que un falante toma esta opción lingüística. Por outra banda, ó non empregaren case nunca o galego, non atopan situacións nas que esta conducta poida ter un custo para o falante, xa que non as sofren, e interprétanas desde a súa óptica receptiva.

O seguinte prexuízo que exploramos refírese ó valor estético do galego, supostamente inferior ó doutras linguas coma o castelán ou o inglés. Nesta ocasión tan só afirman apoiar esta idea un 5,7%, isto é, 4 alumnos dos cales 2 (presentes no grupo que acabamos de analizar) teñen o castelán como lingua nai e única de uso frecuente e outros 2 alumnos tamén o teñen como lingua nai, mais de uso principal pero non único. Deseguido, pescudamos a respecto da naturalidade rural do galego, de maneira que un 52,9% de alumnado considera que o galego é unha lingua máis rural có castelán. Deste grupo, no que se inclúe a totalidade do alumnado galegofalante (proveniente de áreas rurais), o 59,5% proveñen de núcleos

castelanfalantes e un 21% de núcleos bilingües. Se comparamos estes datos cos recollidos en relación co lugar de residencia poderemos observar como o 18,9% que escolleu a resposta afirmativa residen en núcleos máis urbanizados (estes conforman o 38,9% do total de alumnado urbano). Dos estudantes catalogados como residentes de zonas máis rurais, un 57,7% marcou a opción favorable ó carácter rural do galego mentres que un 42,3% desmentiu este concepto. Xa que logo, identificamos como a porcentaxe de alumnado que considera que o galego é máis rural có castelán cónfórmase principalmente por alumnado rural, mentres que o alumnado de núcleos urbanos desmente de forma maioritaria esta idea. Poderíamos pensar que esta tendencia do alumnado rural a catalogar coa mesma etiqueta a lingua poida partir da súa propia experiencia no concello, mais esta suposición non é máis ca unha hipótese que non podemos confirmar debido ás limitacións do noso traballo.

Finalmente, o noso estudo remata con dúas cuestións relativas á **política**, concretamente a se os alumnos consideran que a escolla de falar unha lingua ou outra está ligada a un perfil político. Xa o estudo *O galego segundo a mocidade* facía fincapé neste prexuízo de máis recente aparición que relaciona a escolla do código lingüístico (concretamente, do galego), cunha militancia política de corte nacionalista (SSRAG 2003: 169), se ben a opinión maioritaria da mostra deste traballo favorecía a desvinculación do idioma coa ideoloxía política:

Aínda que parte dos informantes tratan de desvincula-lo emprego do galego de posibles motivacións políticas, outros fan referencia a experiencias persoais para corrobora-lo fondo de verdade do estereotipo, ou recoñecen a existencia dunha razón ideolóxica no cambio de lingua entre os mozos. De calquera xeito, o debate vai confluíndo nun rexeitamento xeral cara á asociación entre a lingua e unha determinada opción política. (SSRAG 2003: 176)

Deste xeito, comezamos preguntando se isto acontecía coa lingua galega e un 67,6% opinou que non sucedía este fenómeno, mentres que un 32,4% considerou que a escolla si estaba marcada por unha determinada ideoloxía política. No caso inverso, un 63,8% afirmaron que a escolla de non falar castelán ía ligada a un perfil político mentres que un 36,2% declarou crer o contrario. Cómpre matizar que a primeira pregunta da parella non foi respondida por 2 enquisados e a segunda por 1 de maneira que se obtiveron 68 e 69 respostas respectivamente. En calquera caso, vemos como a maior parte do alumnado non considera que falar unha lingua ou outra estea marcada por unha ideoloxía política, mais esta crenza aínda está presente en certa parte do alumnado, de maneira que os nosos resultados seguen a mesma liña cóos daqueloutro estudo que acabamos de mencionar.

6. Conclusións

Unha vez realizada esta análise é preciso avanzarmos as conclusións que tomamos do noso traballo. Así e todo, reiteramos a necesidade de interpretalas con precaución debido ó reducido tamaño da mostra que non aconsella servir de ponte para elaborar extrapolacións de corte máis xeral, pero si podería marcar tendencias incipientes ou contribuír a confirmar outras xa consolidadas. Porén, non debemos obviar o seu carácter esclarecedor de cara a comprender os usos e as opinións que parte da mocidade redondelá comparte sobre o galego e o castelán.

En primeiro lugar, cómpre recoñecer a desfavorable situación na que deixa a transmisión interxeracional da lingua ó galego como primeiro idioma e, nomeadamente, como lingua de uso máis frecuente. Pola contra, o castelán sae enormemente reforzado e a súa penetración non presenta fronteiras nin de tipo situación nin de corte xeográfico ou etario. De feito, podemos avanzar un futuro incremento do emprego do castelán nas parroquias e zonas rurais ás que pertencen os estudantes enquisados e que ata o de agora eran predominantemente galegofalantes. O castelán, pois, lexitímase en todos os ámbitos e, en canto ós rapaces que afirman empregar o galego en certa medida, fóra do ámbito escolar semella que o uso desta lingua fica reducido á converxencia do código en conversas con galegofalantes principalmente descoñecidos ou de idade avanzada, incluíndo aquí os propios avós do alumnado.

Porén, a converxencia non semella para este grupo un factor relevante, senón que o discurso de liberdade de escolla parece predominar. Neste sentido, os estudantes parecen considerar que o emprego dunha lingua ou outra é unha escolla totalmente dependente do individuo, mais as evidencias revelan que existe unha forte compoñente externa que condiciona os empregos dun ou outro idioma (vexamos, por exemplo, a desaparición total do galego nas redes sociais ou mesmo en función da intención comunicativa, como no caso da formación de parellas). Estes atrancos dificultan a normalización do galego e o alumnado, se ben consciente da situación de conflito, non mostra ter intención de tomar partido na problemática. Con todo, a ampla maioría é quen de recoñecer as eivas que sofre o galego na actualidade, dende os dereitos que ten recoñecidos ata a necesidade de traballar por incrementar o seu uso en sectores nos que está carente coma no ocio. Poderíamos referirnos ás políticas lingüísticas que non serviron para mellorar a situación. Pensemos tamén nas iniciativas como a Iniciativa Xabarín para a programación infantil e xuvenil en galego na TV, mais que contrastan coa lentitude da TVG ó traducir películas e series populares ou a ausencia de plataformas de *streaming* tan consumidas polos rapaces actualmente. A promoción destes elementos debería ser un pilar fundamental de todas

as políticas lingüísticas, mais na maioría de casos moitos destes proxectos (coma no caso dos videoxogos) teñen que autofinanciarse.

Non obstante, vemos tamén como a óptica na que o alumnado entende a lingua cambia, pois a compoñente simbólica desaparece en favor da pragmática e a identidade galega, para estes estudantes, non se define necesariamente en función do idioma.

Outro dos puntos sobre os que inquirimos foi a percepción do galego propio fronte a outras variedades diatópicas ou mesmo fronte á norma estandarizada. Neste sentido, achamos certo sentimento de menosprezo pola variedade propia en comparación con outras formas de galego nalgúns alumnos de tendencia galegofalante xunto con certa sensación de animadversión de cara ó estándar, nomeadamente en alumnado castelanfalantes. Porén, o resultado máis común na nosa pescuda foi a non valoración nin positiva nin negativa do galego propio nin doutros galegos e o respecto por ambas as partes. Pola súa banda, no ámbito escolar, unha gran porción de estudantes desexa mellorar o seu nivel de galego e tenden a opinar que o galego debe estar máis presente do que actualmente se atopa en función da distribución de horas por materia pero a idea de que o galego é unha lingua non apta para as materias de ciencias formais segue a ter certo peso na mostra. A maiores, tamén se considerou a necesidade de solicitar o dominio do galego para unha serie de traballos de cara ó público e con certo prestixio e a opinión tendeu a ser favorable a esta premisa exceptuando certas respostas nas que se pode intuír, en comparación co resto de cuestións, certo rexeitamento cara ó galego, mais sempre de forma moi reducida na mostra total.

Finalmente, tamén procuramos verificar se seguían vixentes unha serie de prexuizos tendo en conta, ademais, que é un contido traballado polo alumnado dos dous cursos. Por norma xeral, aínda que unha pequena parte do grupo-mostra si segue a reproducir algúns vellos e outros novos prexuizos ós que ten que enfrontarse a nosa lingua (non é válida para o contexto internacional, é esteticamente máis fea có castelán, é menos útil ca esta última etc.), a tendencia maioritaria é a rexeitar estas concepcións erradas agás no caso da ruralidade natural da lingua galega (probablemente derivada do propio contexto do alumnado). Tamén exploramos aqueloutro novo prexuízo relativo ó galego como unha lingua politicamente marcada, mais esta non semella, para a maioría, un idioma ligado a un determinado perfil político en diferente medida do que sería o castelán; non obstante, aproximadamente un terzo do alumnado si relaciona a escolla do código cunha determinada ideoloxía. Pero unha cuestión que debemos ter en mente é que, se ben estes temas foron tratados na aula, como é posible que certa parte do alumnado segue a reproducir unha serie de prexuizos que padece o noso idioma? É posible que non se estea a facer

suficiente dende o ámbito educativo (e dende o político, o familiar etc.) para desterrar estas ideas preconcebidas de forma efectiva? Desafortunadamente, as características do noso traballo non dan para investigar os motivos que levan a manter viva esta situacións, mais abrimos a porta a futuros estudos que traballen esta idea no alumnado do concello e que nos levan a identificar as eivas e necesidades para seguir traballando por mellorar a situación do noso idioma nun sector tan importante como é a mocidade.

Con todo, e para finalizar o noso estudo, chamamos a atención sobre unha situación que nos transmite unha certa preocupación: o discurso de «liberdade» para xustificar as escollas lingüísticas e o comportamento acomodadizo da mocidade non só nos fai pensar que a metodoloxía na que se imparten estes contidos (tan reais e próximos ó alumnado) é insuficiente e defectuosa, senón que tamén nos leva a avanzar un futuro certamente preocupante para a nosa lingua. Porén, polo de agora, cómpre centrármonos en explorar vieiros de traballo que abran camiño e que axuden a debuxar un futuro máis positivo para o noso idioma.

Referencias bibliográficas

- Casares Berg, Hakan/Loredo Gutiérrez, Xaquín /Suárez Fernández, Isabel /Fernández Salgado, Antonio (2003): «Actitudes lingüísticas en Galicia», *Grial: revista galega de cultura* 160, 52-59.
- Costas González, X. H. (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Edicións Laiovento.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 183, de 26 de setembro de 2022. Dispoñible en: <https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_es.html>
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 183, de 26 de setembro de 2022. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0003_gl.html.
- Enériz Janeiro, Ana (2019): *Identidade e lingua na mocidade galega*. Traballo de Fin de Grao. Curso 2018/19. Universidade da Coruña. Dispoñible en: <https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/23603/EnerizJaneiro_Ana_TFG_2019.pdf?sequence=3&isAllowed=y>.
- Heller, M. / Duchêne, A. (eds.) (2012): *Language in Late Capitalism: Pride and Profit*. Londres: Routledge.

- Monteagudo Romero, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo Romero, Henrique (2012): «A invenção do monolingüismo e da língua nacional», *Gragoatá* 32, 43-52. DOI: <https://doi.org/10.22409/gragoata.v17i32.33031>.
- Monteagudo Romero, Henrique (2016): «Linguas, globalización e interculturalidade. Unha reflexión desde o galego», *Grial: revista galega de cultura* 209, 71-79.
- Moreno Cabrera, Juan C. (2007): *La dignidad e igualdad de las lenguas. Critica De La Discriminación Lingüística*. Madrid: Alianza Editorial.
- Regueira, Xosé L./Fernández Rei, Elisa (eds.) (2017): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- SSRAG = Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volumen do Mapa Sociolingüístico de Galicia..* A Coruña: Real Academia Galega.
- SSRAG = Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (2003): *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.

Anexo: Cuestionario

PARTE 0. Datos de control:

1. Sexo: Home / Muller / Outro
2. Idade: 13 / 14 / 15 / 16 / 17 / 18 / >18
3. Procedencia (barrio, parroquia, concello):
4. Residencia (barrio, parroquia, concello):

PARTE 1. Perfil do estudantado/a:

1. A miña lingua inicial é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
2. A miña lingua habitual é:
Só galego / Máis galego que castelán / Máis castelán que galego / Só castelán
3. A lingua que empregan os meus pais/nais entre eles/elas é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
4. A lingua que empregan os meus pais/nais comigo é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
5. A lingua que eu emprego con eles/elas é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
6. A lingua que empregan os meus avós paternos/rama 1 entre eles é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
7. A lingua que empregan os meus avós paternos/rama 1 co meu pai/proxenitor 1 é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
8. A lingua que empregan os meus avós paternos/rama 1 comigo é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
9. A lingua que emprego eu cos meus avós paternos/rama 1 é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
10. A lingua que empregan os meus avós maternos/rama 2 entre eles é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
11. A lingua que empregan os meus avós maternos/rama 2 coa miña nai/proxenitor 2 é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
12. A lingua que empregan os meus avós maternos/rama 2 comigo é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
13. A lingua que emprego eu cos meus avós maternos/rama 2 é:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
14. De ter crianzas, educaríaas en:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
15. A lingua na que consumo contido de ocio é:
Principalmente galego / Principalmente castelán / Ambas / Outra(s) ou Castelán e outra(s)

16. Nas redes sociais interactúo principalmente en:
Galego / Castelán / Ambas / Outra(s)
17. A lingua máis empregada polos meus profesores e demais persoal no IES Mendiño é:
Galego / Castelán / Ambas
18. A lingua que empregan os/as meus/miñas compañeiros/as de curso entre eles/elas é:
Só galego / Máis galego que castelán / Máis castelán que galego / Só castelán
19. A lingua que eu emprego cos/coas meus/miñas compañeiros/as de curso é:
Só galego / Máis galego que castelán / Máis castelán que galego / Só castelán
20. A lingua que emprego o meu círculo de amigos/as é:
Só galego / Máis galego que castelán / Máis castelán que galego / Só castelán
21. A lingua que eu emprego co meu círculo de amigos/as é:
Só galego / Máis galego que castelán / Máis castelán que galego / Só castelán
22. Cando alguén con quen teño confianza se dirixe a min en galego respondo en:
Galego / Castelán
23. Cando alguén con quen teño confianza se dirixe a min en castelán respondo en:
Galego / Castelán
24. Cando alguén con quen non teño confianza se dirixe a min en galego respondo en:
Galego / Castelán
25. Cando alguén con quen non teño confianza se dirixe a min en castelán respondo en:
Galego / Castelán
26. Se me quero dirixir a alguén descoñecido de idade avanzada comezo falándolle en:
Galego / Castelán
27. Se me quero dirixir a un descoñecido da miña idade comezo falándolle en:
Galego / Castelán
28. Se me quero dirixir a un descoñecido nun contexto formal (por exemplo, un señor de traxe e gravata nun evento formal) comezo falándolle en:
Galego / Castelán
29. Cando quero ligar con alguén da miña idade que non coñezo comezo falándolle en:
Galego / Castelán

PARTE 2. Opinións lingüísticas:

1. Consideras equitativa a distribución de horas en función da lingua oficial (castelán e galego)?
Si / Non
2. Como cres que deberían darse as materias?:
Todo en galego coa materia de Lingua castelá e literatura en castelán / Todo en castelán coa materia de Lingua galega e literatura en galego / Equilibrado ó 50% / Máis galego que castelán / Máis castelán que galego
3. Cres que as materias científicas deberían darse en galego?
Si / Non
4. Sénteste cómodo/a expresándote en galego na aula?
Si / Non

5. Prefires estudar en:
Galego / Castelán / Independente
6. Consideras que o galego é unha lingua válida para empregarse en contextos internacionais?
Si / Non
7. Consideras que o galego pode ter rendibilidade económica como lingua?
Si / Non
8. Cres que é máis galego quen fala galego?
Si / Non
9. Consideras que é unha vantaxe que se falen dúas linguas en Galicia?
Si / Non
10. Cres que que se fale castelán en Galicia é tan natural como que se fale galego (é dicir, é o castelán unha lingua tan propia de Galicia coma o galego)?
Si / Non
10. Consideras que o galego debería ter máis dereitos recoñecidos en Galicia có castelán?
Si / Non
11. Consideras que se lles debe requirir o coñecemento do galego ós médicos?
Si / Non
12. Consideras que se lles debe requirir o coñecemento do galego ós xuíces?
Si / Non
13. Consideras que se lles debe requirir o coñecemento do galego ó persoal que traballe con persoas maiores (por exemplo, en residencias de anciáns)?
Si / Non
14. Consideras que se lles debe requirir o coñecemento do galego ó persoal da Administración pública galega?
Si / Non
15. Gustaríache mellorar o teu nivel de galego?
Si / Non
16. O teu galego é mellor có estándar?
Si / Non
17. O teu galego é peor có estándar?
Si / Non
18. O teu galego é mellor có galego doutras zonas do territorio lingüístico galego?
Si / Non
19. O teu galego é peor có galego doutras zonas do territorio lingüístico galego?
Si / Non
20. Consideras necesario que se traballe máis para ter unha ampla oferta de ocio en galego (series, libros, películas, videoxogos...)?
Si / Non
21. Consumirías esa oferta de ocio en galego?
Si / Non

22. Cres que é necesario tomar medidas para mellorar a situación do galego e incrementar o número de falantes?
Si / Non
23. Cres que o castelán é máis útil e, por tanto, importante có galego?
Si / Non
24. Cres que o galego é unha lingua esteticamente máis fea có castelán ou o inglés?
Si / Non
25. Cres que o galego é unha lingua máis rural có castelán?
Si / Non
26. Cres que a escolla de falar galego vai ligado a un determinado perfil político?
Si / Non
27. Cres que a escolla de falar castelán vai ligada a un determinado perfil político?
Si / Non

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 9 pódense ler traballos sobre a dispoñibilidade léxica no campo da sanidade, as actitudes lingüísticas no estudantado redondelán, unha revisión da obra *Novas Cartas Portuguesas* e un estado da cuestión da crítica literaria feminista en Galicia.

Universidade de Vigo